

Guía: preguntas e respostas. Curso 2025-2026

Decembro de 2025



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN
PROFESIONAL

Avaliación no primeiro curso da oferta ordinaria

Contexto: 1º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.
Pregunta: Cantas sesións de avaliación se realizarán?

- Igual que se viña facendo na anterior ordenación de formación profesional: tres avaliacións parciais e unha final de módulos.

Referencia normativa: disposición 19.1.a) da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

“**No** primeiro curso, as sesións de avaliación serán as establecidas na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional **inicial**”.

Contexto: 1º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: En que circunstancias pode incorporarse o alumnado a realizar formación na empresa?

- O alumnado poderá ser incorporado a este período formativo cando se dean simultaneamente os seguintes casos:
 - Que a persoa sexa maior de dezaseis anos.
 - Que a persoa conte co certificado de prevención de riscos laborais.
 - Que existan prazas dispoñibles nas empresas cun perfil adecuado ao currículo do ciclo formativo.
 - Que a persoa teña adquiridas as competencias profesionais necesarias para abordar con garantías as actividades formativas na empresa. Será o equipo docente o que tome a decisión do alumnado que poida ser incorporado, de acordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente.

Referencia normativa: disposición 14.2. da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

Contexto: 1º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Que duración ten a fase de formación na empresa?

- A formación na empresa ou organismo equiparado no primeiro curso da oferta ordinaria representará como máximo 80 horas nos ciclos de grao básico e 200 horas nos ciclos de grao medio e de grao superior.

Con carácter xeral, no número de horas establecido anteriormente inclúranse as horas correspondentes ás reunións de titoría e de seguimento da formación.

Referencia normativa: disposición 14.2. da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

Contexto: Alumnado de 2º curso que **non realizou** no seu 1º curso (2024-2025) formación na empresa. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Cantas horas de formación en empresa ten que realizar no segundo curso?

- ▶ As establecidas para o resto do alumnado: 400 horas nos ciclos de grao básico e 500 horas nos ciclos de grao medio e de grao superior.

Contexto: Alumnado de 2º curso que **realizou** no seu 1º curso (2024-2025) formación na empresa. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Cantas horas de formación en empresa ten que realizar no segundo curso?

- ▶ As establecidas para o resto do alumnado: 400 horas nos ciclos de grao básico e 500 horas nos ciclos de grao medio e de grao superior.

Referencia normativa: disposicións 14.2.a) e 14.2.b) da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

As horas de formación na empresa realizadas no primeiro curso da oferta ordinaria non diminúen o número de horas do segundo curso.

As horas de formación na empresa non realizadas no primeiro curso da oferta ordinaria non aumentan o número de horas do segundo curso.

Contexto: Alumnado **que non realice** a formación en empresa. 1º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Pode quedar algún módulo sen cualificar ou ser cualificado como «Pendente da formación na empresa» (PF)?

➤ Non.

No primeiro curso da oferta ordinaria a cualificación do alumnado que non realice a formación na empresa será a cualificación da formación para cada módulo desenvolta no centro educativo.

Referencia normativa: disposición 20.1 da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

A expresión «Pendente da formación na empresa» (PF), seguida da cualificación obtida polo alumno ou a alumna no módulo profesional durante a fase de formación no centro educativo, non será de aplicación nos primeiros cursos dos ciclos de oferta ordinaria e nos módulos en que a formación se realice totalmente no centro educativo”.

Contexto: 1º e 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Quen debe **avaliar** a fase de formación na empresa?

➤ A avaliación da fase de formación na empresa, igual que o resto da formación, será responsabilidade do profesorado dos módulos profesionais do centro educativo, tendo en conta as achegas (as valoracións) do titor da empresa e o resultado das actividades desenvolvidas nesta.

→ O titor ou a titora da empresa, ao finalizar a actividade formativa, valorará en termos de «superado» ou «non superado» cada resultado de aprendizaxe e realizará unha valoración cualitativa da estadía formativa da persoa e as súas competencias profesionais e para a empregabilidade. Cando a valoración sexa «non superado» incluírase a motivación desta.

Referencia normativa: disposicións 16.6 e 16.7 da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

Avaliar ≠ Valorar

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Orde do 12 de xullo de 2011 (artigo 25.2)

Contexto: Alumnado **que realice** a formación en empresa. 1º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.
Pregunta: Pode quedar algún módulo sen cualificar ou ser cualificado como «Pendente da formación na empresa» (PF)?

➤ Non.

Non pode quedar algún módulo sen cualificar ou ser cualificado como «Pendente da formación na empresa» (PF).

Referencia normativa: disposición 20.1 da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

A expresión «Pendente da formación na empresa» (PF), seguida da cualificación obtida polo alumno ou a alumna no módulo profesional durante a fase de formación no centro educativo, non será de aplicación nos primeiros cursos dos ciclos de oferta ordinaria e nos módulos en que a formación se realice totalmente no centro educativo”.

Contexto: Alumnado **que realice** a formación en empresa. 1º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.
Pregunta: Que cualificación se debe consignar para cada módulo?

- Se o módulo comparte algúns RA entre o centro educativo e a empresa, terase en conta a valoración do titor de empresa **para ese módulo**, o resultado das actividades desenvolvidas na empresa e a información acadada durante o seguimento da formación na empresa.
- Se o módulo non comparte RA entre o centro educativo e a empresa, de existir certa transversalidade cos módulos que si que comparten RA, estes RA contribuirán a cualificación deses módulos. En caso contrario, a cualificación será o resultado das actividades desenvolvidas no centro educativo.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN
PROFESIONAL

Avaliación no segundo curso da oferta ordinaria

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.
Pregunta: Cantas sesións de avaliación se realizarán?

- Tres sesións, dúas sesións de avaliación parcial e unha sesión de avaliación final de módulos.

Referencia normativa: disposición 19.1.b) Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

“**No** segundo curso, realizaranse dúas sesións de avaliación parcial e unha sesión de avaliación final de **módulos**”.


Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Cando terá lugar a segunda sesión de avaliación parcial e a avaliación final de módulos?

- A segunda avaliación parcial, antes da fase de formación na empresa, e a avaliación final de módulos, unha vez finalizado o período de formación na empresa.

Referencia normativa: disposición 19.1.b) da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional.

“A segunda avaliación parcial terá lugar antes da fase de formación na empresa por parte do alumnado, e a sesión de avaliación final de módulos realizarase unha vez finalizado o período de formación na empresa de acordo coas datas establecidas na Orde do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de **Galicia**”.



Contexto: Segunda sesión de avaliación parcial. 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.
Pregunta: Que cualificación se debe consignar na acta?

- De forma similar que en cursos precedentes coa anterior ordenación académica. Consignarase a cualificación da formación desenvolta ata ese momento, tanto da primeira como da segunda avaliación.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: En que momento o equipo docente debe tomar a decisión do alumnado que pode realizar a fase de formación na empresa?

- De forma similar que en cursos académicos precedentes (anterior ordenación académica): na segunda avaliación parcial.

Referencia normativa: disposición 14.3. da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

Na segunda avaliación parcial tomarase a decisión do alumnado que pode incorporarse á fase de formación na empresa.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Que aspectos debe reunir o alumnado para ser incorporado á fase de formación na empresa?

- Simultaneamente:
 - Que a persoa sexa maior de dezaseis anos.
 - Que a persoa conte co certificado de prevención de riscos laborais.
 - Que teña na segunda avaliación parcial cualificación positiva en módulos que supoñan como mínimo o 50 % do horario semanal.
Excepcionalmente, poderase incorporar alumnado que, non cumprindo co anterior 50 %, o equipo docente así o considere.

Referencia normativa: disposición 14.3. da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

Contexto: Alumnado de 2º curso con módulos pendientes de 1º. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.
Pregunta: Que módulos se deben considerar para o cómputo do 50% da carga lectiva semanal prevista para a incorporación á realización da fase de formación na empresa?

- Terase en conta tamén os módulos de 1º curso, aplicando os dous seguintes criterios e por esta orde:
 - Cualificación positiva en módulos que supoñan como mínimo o 50 % do horario semanal dos módulos de segundo curso.
 - Cualificación positiva en módulos que supoñan como mínimo o 50 % do horario semanal dos módulos de primeiro e de segundo curso de forma conxunta.
- En calquera caso, o alumnado que non acade o 50 % da carga lectiva poderá incorporarse igualmente á fase de formación na empresa, sempre que o equipo docente así o determine de maneira motivada.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Nos ciclos de FP básica, terase en conta a duración dos ámbitos para o cómputo de ter superado o 50 % do horario semanal que permite realizar a fase de formación na empresa?

- O apartado 14.3.b) da Resolución do 1 de xullo de 2025 (graos D e E), entre os requisitos establecidos para que o alumnado de ciclos poidan incorporarse á fase de formación na empresa, salienta o seguinte:

“**Que** teña na segunda avaliación parcial cualificación positiva en módulos que supoñan como mínimo o 50 % do horario semanal.”

Por tanto, para efectos deste cálculo, terase en conta unicamente os módulos profesionais e non se terán en conta os ámbitos.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: En que sesión de avaliación se consignará a cualificación final de módulos?

- A cualificación final dos módulos de segundo curso e de módulos pendentes de primeiro curso farase efectiva na sesión de avaliación final de módulos do segundo curso, unha vez que se integre na súa cualificación o resultado da formación no centro educativo e, de ser o caso, da fase de formación na empresa.

Contexto: 1º e 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Quen debe **avaliar** a fase de formación na empresa?

➤ A avaliación da fase de formación na empresa, igual que o resto da formación, será responsabilidade do profesorado dos módulos profesionais do centro educativo, tendo en conta as achegas (as valoracións) do titor da empresa e o resultado das actividades desenvolvidas nesta.

→ O titor ou a titora da empresa, ao finalizar a actividade formativa, valorará en termos de «superado» ou «non superado» cada resultado de aprendizaxe e realizará unha valoración cualitativa da estadía formativa da persoa e as súas competencias profesionais e para a empregabilidade. Cando a valoración sexa «non superado» incluírase a motivación desta.

Referencia normativa: disposicións 16.6 e 16.7 da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

Avaliar ≠ Valorar

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Orde do 12 de xullo de 2011 (artigo 25.2)

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Que cualificación se debe consignar para cada módulo na acta da sesión de avaliación final?

- Se o módulo comparte algúns RA entre o centro educativo e a empresa, terase en conta a valoración do titor de empresa **para ese módulo**, o resultado das actividades desenvolvidas na empresa e a información acadada durante o seguimento da formación na empresa.
- Se o módulo non comparte RA entre o centro educativo e a empresa, de existir certa transversalidade cos módulos que si que comparten RA, estes RA contribuirán a cualificación deses módulos. En caso contrario, a cualificación será a cualificación da segunda avaliación parcial.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Ademais das cualificacións finais de cada módulo, que outras decisións se deben tomar na avaliación final de módulos?

➤ Resultado da fase de formación na empresa.

→ Tendo en conta a valoración global da fase de formación na empresa realizada polo titor ou a titora da empresa, o resultado das actividades desenvolvidas na empresa (que poden incluír RA de módulos do ciclo nos que non estea matriculado o alumnado) e a información acadada durante o seguimento da formación na empresa, **o equipo docente determinará o resultado da fase de formación na empresa** en termos de «superada» ou «non superada».

➤ Titulación.

→ O equipo docente realizará a proposta de título para o alumnado que obtivese cualificación positiva en todos os módulos unha vez que se teña integrada a fase de formación na empresa.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Que ocorre se o alumnado **supera** a fase de formación na empresa e **non supera** algún módulo unha vez integrada na súa cualificación a fase de formación na empresa?

- ➔ Non é proposto para o título.
- ➔ A cualificación dos módulos superados conservaranse no expediente do alumnado.
- ➔ Para os módulos non superados, deberase repetir a formación no centro educativo, nun curso posterior.
- ➔ A fase de formación na empresa figurará como «superada» no expediente do alumnado e non será preciso realizala de novo.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Que ocorre se o alumnado **non supera** a fase de formación na empresa e **supera** todos os módulos unha vez integrada na súa cualificación a fase de formación na empresa?

- ➔ Non é proposto para o título.
- ➔ A cualificación de cada módulo expresarase como “**Pendente** de superar a formación na **empresa**” (PF), seguida da cualificación obtida durante a fase de formación no centro educativo.
- ➔ A cualificación dos módulos conservarase no expediente do alumnado, e non será preciso realizar de novo a formación no centro educativo.
- ➔ A fase de formación na empresa figurará como «non superada» e computará para os efectos de convocatoria consumida. Será preciso realizala de novo nun período posterior.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Que ocorre se o alumnado **non supera** a fase de formación na empresa e **non supera** todos os módulos unha vez integrada na súa cualificación a fase de formación na empresa?

- ➔ Non é proposto para o título.
- ➔ A cualificación de cada módulo expresarase como "**Pendente** de superar a formación na **empresa**" (PF), , seguida da cualificación obtida durante a fase de formación no centro educativo.
- ➔ Para os módulos non superados, deberase repetir a formación no centro educativo, nun curso posterior.
- ➔ A fase de formación na empresa figurará como «non superada» e computará para os efectos de convocatoria consumida. Será preciso realizala de novo nun período posterior.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Cales son as situacións que se poden dar na avaliación final, unha vez integrada en cada módulo a fase de formación na empresa?

Resultado da fase de formación na empresa	Resultado da avaliación dos módulos unha vez integrada a fase de formación na empresa	Resultado
Superada	Supera todos os módulos	1
Superada	Módulos superados e módulos non superados	2, 3, 5 e 7
Non superada	Supera todos os módulos	2, 4, e 8
Non superada	Módulos superados e módulos non superados	2, 4, 6 e 8

1. O alumnado é proposto para o título.
2. O alumnado non é proposto para o título.
3. A cualificación dos módulos superados conservaranse no expediente do alumnado.
4. A cualificación dos módulos superados conservaranse no expediente do alumnado. A cualificación expresarase como "Pendente de superar a formación na empresa" (PF), seguida da cualificación obtida durante a fase de formación no centro educativo.
5. Para os módulos non superados, deberase repetir a formación no centro educativo.
6. Para os módulos non superados, deberase repetir a formación, tanto no centro educativo como na empresa.
7. A fase de formación na empresa figurará como «superada» no expediente do alumnado e non será preciso realizala de novo.
8. A fase de formación na empresa figurará como «non superada» e computará para os efectos de convocatoria consumida.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Como se organiza a recuperación de módulos non superados na segunda avaliación parcial durante o período que o alumnado está realizando a fase de formación na empresa?

- Para o alumnado non incorporado á fase de formación na empresa:
 - ➔ Este alumnado continuará coa súa actividade formativa no centro, seguindo o currículo oficial e as medidas organizativas que determine o equipo docente para favorecer a adquisición das competencias.

Referencia normativa: o artigo 14 letras c) e d) da Resolución do 1 de xullo de 2025 (graos D e E).

- Para o alumnado incorporado á fase de formación na empresa con módulos non superados na 2ª avaliación parcial.
 - ➔ De igual modo, para o alumnado incorporado a esta fase con módulos non superados na segunda avaliación parcial, o equipo docente establecerá actividades e tarefas que permitan a recuperación destes módulos, utilizando principalmente medios telemáticos, como poden ser as aulas virtuais. Aproveitarase a xornada quincenal de recepción do alumnado no centro educativo para o seguimento da actividade formativa.

Para os módulos non superados na segunda avaliación parcial, tanto para o alumnado incorporado á fase de formación na empresa como para o alumnado non incorporado, antes da sesión final de módulos de segundo curso poderase realizar unha proba específica de avaliación destes módulos.

A esta proba tamén se poderá presentar a alumnado que perdera o dereito á avaliación continua nun determinado módulo e xa tivera realizada a proba extraordinaria antes da 2ª avaliación parcial.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: En que momento debe realizarse a proba **extraordinaria** para o alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo?

- Antes da segunda avaliación parcial. A cualificación obtida reflectirase na correspondente sesión de avaliación.

Referencia normativa: disposición 19.1.b) da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

“**Para** o alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo de segundo curso, realizarase unha proba extraordinaria antes da segunda avaliación parcial e a cualificación obtida reflectirase na correspondente sesión de **avaliación**”.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Cando debe realizarse a avaliación do alumnado que ten módulos pendentes de primeiro curso?

- De forma similar ao que se estaba facendo en cursos académicos precedentes. Na segunda avaliación parcial que terá lugar antes da fase de formación na empresa por parte do alumnado.

Referencia normativa: o artigo 19 da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2025-2026:

“A segunda avaliación parcial terá lugar antes da fase de formación na empresa por parte do alumnado.”

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOE.

Pregunta: Cando debe realizarse a avaliación do alumnado repetidor de 2º curso que realiza o ciclo formativo pola anterior ordenación (LOE)?

- O alumnado repetidor LOE de 2º curso está asistindo á docencia segundo a organización e a planificación do novo plan de estudos (LOOIFP). Por tanto, rematará a docencia no centro educativo no mesmo momento que o alumnado do novo plan de estudos.
- A 2º sesión de avaliación parcial de módulos poderase realizar de forma simultánea para o alumnado LOE e para o alumnado LOOIFP.
- Posto que en Xade figura un grupo de alumnado LOOIFP e un grupo de alumnado LOE, existirán dúas actas, unha para cada grupo.
- O alumnado repetidor LOE que na 2º avaliación parcial teña superado todos os módulos poderase incorporar a realizar o módulo de FCT e, de ser o caso, o Proxecto.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Cales son os efectos da non superación da fase de formación na empresa?

- Se o alumnado non supera a fase de formación na empresa, non acada o título e deberá realizar unha segunda vez a formación na empresa.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Como debe avaliarse o módulo de Afondamento nas competencias profesionais?

- O módulo optativo de Afondamento nas competencias profesionais deberase avaliar segundo o currículo deseñado en cada centro educativo en coordinación co departamento da familia profesional á cal está asociado o ciclo formativo, e a programación elaborada polo/a profesor/a que o imparta.

Referencia normativa: disposición 11.3 da Resolución do 1 de xullo de 2025 (graos D e E).

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Pode o/a propio/a alumno/a solicitar o adiamento da realización da formación na empresa por motivos persoais ou académicos, sen causa xustificada e sen informe do equipo docente?

- ▶ Actualmente soamente é posible se a causa é por motivos xustificadas.

Referencia normativa: o artigo 15 da Resolución do 1 de xullo de 2025 (graos D e E).
... "é posible o aprazamento da fase de formación na empresa por circunstancias excepcionais: doenza ou accidente grave, maternidade ou paternidade, incompatibilidade cunha xornada laboral que impida a súa realización ou outras similares".

En Xade, tal como se establece no artigo 20 da Resolución do 1 de xullo de 2025, esta circunstancia expresarase como «Pendente da formación na empresa» (PF), seguido da cualificación obtida polo alumno ou a alumna no módulo profesional durante a fase de formación no centro educativo.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Nos ciclos de grao básico, en que momento debe realizar o alumnado o módulo de Proxecto intermodular de aprendizaxe colaborativa?

- Disposición 12 da Resolución do 1 de xullo de 2025 (graos D e E):
 - ➔ O módulo de Proxecto intermodular de aprendizaxe colaborativa dos ciclos de grao básico terá carácter integrador das competencias abordadas no resto dos módulos profesionais e ámbitos.
 - ➔ Existirá un seguimento e unha titoría individual e colectiva do proxecto, que se desenvolverá de xeito simultáneo ao resto dos módulos profesionais ao longo da duración do ciclo formativo.
 - ➔ Os centros determinarán o momento en que deba iniciarse, en función das características do ciclo formativo.

Por tanto, nos ciclos de grao básico o módulo de Proxecto intermodular colaborativo realizarase simultaneamente ao resto dos módulos profesionais ao longo da duración do ciclo formativo e será avaliable tanto nas avaliacións parciais como na avaliación final.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: En que momento debe realizar o alumnado dos ciclos de grao medio e de grao superior o módulo de Proxecto intermodular, incluso se realiza as prácticas fóra do período ordinario?

- Disposición 12 da Resolución do 1 de xullo de 2025 (graos D e E):
 - ➔ O módulo de Proxecto intermodular dos ciclos de grao medio e de grao superior terá carácter integrador das competencias abordadas no resto dos módulos profesionais e ámbitos.
 - ➔ Existirá un seguimento e unha titoría individual e colectiva do proxecto, que se desenvolverá ao longo da duración do ciclo formativo.
 - ➔ Os centros determinarán o momento en que deba iniciarse, en función das características do ciclo formativo.

- Disposición 17.d) da Resolución do 1 de xullo de 2025 (graos D e E):
 - ➔ O módulo de Proxecto intermodular (grao medio e grao superior) realizarase simultaneamente coa fase de formación na empresa ou organismo equiparado.

Por tanto, nos ciclos de grao medio e de grao superior o Proxecto intermodular realizarase simultaneamente coa fase de formación na empresa, aínda que é posible que sexa iniciado con anterioridade.

A súa avaliación realizarase na sesión de avaliación final.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan [LOE](#).

Pregunta: É preciso que o alumnado da anterior ordenación (LOE) teña superado todos os módulos no centro educativo para realizar o módulo de FCT?

- Si. Segundo o establecido na normativa reguladora das ensinanzas ao abeiro da Lei orgánica de Educación (LOE), para realizar o módulo de Formación en Centros de Trabajo é preciso ter superado previamente o resto dos módulos do ciclo formativo.

Contexto: 2º curso. Oferta ordinaria. Plan LOE.

Pregunta: En que momento debe incorporarse o alumnado da anterior ordenación (LOE) a realizar o módulo de FCT e cal é a súa duración?

- Con carácter xeral, o alumnado da anterior ordenación (LOE) poderá incorporarse a realizar o módulo de FCT no mesmo momento que o alumnado da actual ordenación (LOOIFP) se incorpore a realizar a fase de formación na empresa.
- Tendo en conta que alumnado repetidor LOE de 2º curso está asistindo á docencia segundo a organización e a planificación do novo plan de estudos (LOOIFP), o módulo de FCT terá unha duración de ata 500 horas nos ciclos de grao medio e de grao superior, e de ata 400 nos ciclos de grao básico.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN
PROFESIONAL

Oferta modular

Contexto: Oferta modular. Plan LOOIFP.

Pregunta: En que momento deben realizarse as sesións de avaliación?

- No mesmo momento que en cursos precedentes.

Referencia normativa: disposición 19.2. da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

“**Na** oferta modular, as sesións de avaliación realizaranse segundo o establecido nos artigos 34 e 35 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional **inicial**”.

Contexto: Oferta modular. Plan LOOIFP.

Pregunta: Cal será a cualificación que figure na avaliación final de módulos tendo en conta que certos módulos se imparten totalmente no centro educativo mentres que outros comparten formación coa empresa?

- Para os módulos que se imparten totalmente no centro educativo (os que figuran na oferta ordinaria no primeiro curso de cada ciclo) a cualificación numérica será a que se derive da formación no centro educativo.
As cualificacións nos módulos profesionais superiores a 5 indican que o módulo foi superado.
- Para os módulos que se imparten de forma compartida entre o centro educativo e a empresa (os que figuran na oferta ordinaria no segundo curso de cada ciclo) a cualificación expresarase como «Pendente da formación na empresa» (PF), seguido da cualificación **numérica que se derive da formación no centro educativo**.
As cualificacións nos módulos profesionais superiores a 5 acompañadas da abreviatura PF indicarán que se superou a fase de formación no centro educativo e conservaranse á espera da realización ou superación da fase de formación na empresa.

En ambos casos, as cualificacións inferiores a 5 indican que o módulo non foi superado e deberase repetir a formación no centro educativo

Contexto: Oferta modular. Plan LOOIFP.

Pregunta: En que momento se deberá realizar a fase de formación na empresa?

Referencia normativa: disposición 17 da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

Na oferta modular, no caso de matrícula por módulos individuais, tanto na modalidade presencial como na semipresencial, a distancia ou virtual, a formación no centro educativo terá lugar no período establecido para a realización de actividades lectivas no punto 1 do artigo 5 da Orde do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- ▶ Por tanto, a fase de formación en empresa realizarase en períodos posteriores aos establecidos no punto 1 do artigo 5 da Orde do 8 de maio de 2025.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN
PROFESIONAL

Outras situacións

Contexto: Oferta ordinaria (2º curso) e oferta modular. Plan LOOIFP.

Pregunta: En que momento se deberá realizar o módulo de Proxecto intermodular?

- De forma simultánea coa fase de formación na empresa.

Referencia normativa: disposición 17 da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional (graos D e E).

“O módulo de Proxecto intermodular realizarase simultaneamente coa fase de formación na empresa ou organismo equiparado.”

Contexto: Oferta ordinaria (1º e 2º curso) e oferta modular. Plan LOOIFP.

Pregunta: É posible que o alumnado sexa excluído da fase de formación na empresa por faltas de asistencia, por actitude incorrecta ou por falta de aproveitamento?

- Tal como se viña aplicando na realización do módulo de FCT, no convenio específico que asina a dirección do centro educativo e o representante do centro de traballo na para a realización da fase de formación na empresa, recóllese que o convenio pódese extinguir por:
 - Faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
 - Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia á persoa interesada.

Contexto: Oferta ordinaria (1º e 2º curso) e oferta modular. Plan LOOIFP.

Pregunta: Pódense recoñecer como parte da formación na empresa as actividades puntuais realizadas en entidades colaboradoras: visitas técnicas, xornadas de práctica profesional, saídas formativas que implican contacto directo con empresas etc?

- Con carácter xeral, non.
- Para ter a consideración de formación na empresa ao alumnado ten que estar dado de alta na Seguridade Social e que as actividades formativas para desenvolver na empresa formen parte do plan formativo, incluíndo RA dalgún módulo.

Contexto: : Oferta ordinaria (1º e 2º curso) e oferta modular. Plan LOOIFP.

Pregunta: Pódese autorizar a realización da fase de formación na empresa exclusivamente en fins de semana ou en períodos estivais, por necesidades de sector ou dispoñibilidade de empresas colaboradoras?

- Non se permite a realización da fase de formación na empresa exclusivamente en fins de semana ou en períodos estivais.
- Pódese realizar parcialmente a fase de formación na empresa en fins de semana ou en períodos estivais, contando coa autorización da Dirección Xeral de Formación Profesional.

Contexto: Oferta ordinaria (1º ou 2º curso). Oferta ordinaria. Plan LOOIFP.

Pregunta: Cando realiza a fase de formación na empresa o alumnado que ten concedida unha flexibilización modular?

- No mesmo momento que o alumnado que non teña concedida unha flexibilización modular, sempre e cando reúna os requisitos para ser incorporado á fase de formación na empresa:

No primeiro curso:

- ➔ Que a persoa sexa maior de dezaseis anos.
- ➔ Que a persoa conte co certificado de prevención de riscos laborais.
- ➔ Que existan prazas dispoñibles nas empresas cun perfil adecuado ao currículo do ciclo formativo.
- ➔ Que a persoa teña adquiridas as competencias profesionais necesarias para abordar con garantías as actividades formativas na empresa. Será o equipo docente o que tome a decisión do alumnado que poida ser incorporado, de acordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente.

No segundo curso:

- ➔ Que a persoa sexa maior de dezaseis anos.
- ➔ Que a persoa conte co certificado de prevención de riscos laborais.
- ➔ Que teña na segunda avaliación parcial cualificación positiva en módulos que supoñan como mínimo o 50 % do horario semanal.

Excepcionalmente, poderase incorporar alumnado que, non cumprindo co anterior 50 %, o equipo docente así o considere.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN
PROFESIONAL

Programacións

Contexto: Plan LOOIFP.

Pregunta: Cantas programacións de **centro** se poden deseñar en PROENS para cada grupo de alumnado?

- En PROENS, pódese deseñar unha única programación de centro para cada grupo de alumnado de XADE.

Contexto: Plan LOOIFP.

Pregunta: Cantas programacións de **empresa** se poden deseñar en PROENS para cada grupo de alumnado?

- En PROENS, pódense deseñar tantas programacións de empresas como se desexen, pero o lóxico é crear un número limitado que sexa coincidente cos tipos de empresas ou de ámbitos produtivos para esa ensinanza.

Por exemplo, no ciclo de Administración e finanzas, é posible deseñar programacións de empresa:

- ➔ Para empresas do ámbito de seguros.
- ➔ Para as empresa do ámbito de banca
- ➔ Para xestorías.
- ➔ De ser o caso, unha programación xenérica para empresas de ámbitos mixtos

Contexto: Plan LOOIFP.

Pregunta: Cando debe realizarse a programación de empresa de cada módulo?

- Cando o equipo docente do ciclo ou do curso de especialización teñan consensuados os RA que van ser abordados na empresa:
 - ➔ No caso dos proxectos de dual intensivo, ao inicio do curso escolar, xa que os RA xa figuran no convenio asinado para tal fin.
 - ➔ No resto dos casos, con tempo suficiente para que sexa posible a asignación de empresa ao alumnado na aplicación de FCT.

Contexto: Plan LOOIFP.

Pregunta: Cantos RA debe incorporar o Plan formativo?

- No réxime xeral, entre o 10 % e o 20 % do ciclo ou do curso de especialización.
- No réxime intensivo, polo menos o 30% do ciclo ou do curso de especialización.

Un número excesivo de RA pode complicar o seguimento da formación na empresa, especialmente para a persoa titora de empresa.

PROGRAMACIÓN DE EMPRESA

1. Resultados de aprendizaxe que se comparten coa empresa?

Ir ao apartado

1. Resultados de aprendizaxe que se comparten coa emp

Datos da programación Despregable para consultar os datos xerais da programación do centro

Descripción

Caixa de texto para realizar unha descrición da programación de empresa que se está a elaborar

Despregable para acceder directamente aos diferentes elementos da programación de empresa

Caracteres (con HTML): 0

Resultado de aprendizaxe

	Totalmente no centro	Compartido	Totalmente na empresa
RA1. Xestiona as facetas administrativas de proxectos empresariais administrando recursos mediante unha aplicación específica de control	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
RA2. Elabora documentos integrando textos, datos, imaxes e gráficos a través das aplicacións informáticas axeitadas	<input type="radio"/>	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>
RA3. Elabora presentacións audiovisuais relacionadas coa xestión empresarial ou de proxectos, utilizando unha aplicación de tratamento de vídeo dixital	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
RA4. Realiza tarefas de xestión empresarial e de proxectos empregando ferramentas da web 2.0	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
RA5. Administra os documentos a través dun sistema de xestión documental	<input checked="" type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>



Gardar Validar E Gardar Volver

Realizar unha descrición da programación de empresa que se estea a crear.


Indicar os RA que se abordan totalmente no centro, son compartidos ou se abordan totalmente na empresa

PROGRAMACIÓN DE EMPRESA E PLAN FORMATIVO. Aplicacións informáticas

PROENS



FCT



Contexto: Oferta modular. Plan LOOIFP.

Pregunta: Nas programacións indicárase que a cualificación dos módulos poden ser obxecto de modificación unha vez realizada a fase de formación na empresa?



Non.

Tanto para os módulos que se imparten totalmente no centro educativo (os que figuran na oferta ordinaria no primeiro curso de cada ciclo), como para os módulos que se imparten de forma compartida entre o centro educativo e a empresa, a cualificación das distintas sesións de avaliacións será exclusivamente a que se derive da formación no centro educativo, e con carácter xeral, non será obxecto de modificación unha vez realizada a fase de formación na empresa.

